

Ao servizo da República

Nas roseiras da saudade

LUCÍA SEOANE

Biografía dun poeta emigrado ao servizo da II República: velaí o contratítulo do volume Antón Zapata García, do que é autor o poeta, narrador e crítico literario Miro Villar e que vén de publicar Laiovento na súa colección "Ensaio". Digamos de Villar que estamos diante de alguén que é doutor en Teoría da Literatura e Literatura Comparada -coa tese A poesía galega de Antón Zapata García. Edición e estudo- pola Universidade de Santiago de Compostela; que é, igualmente, profesor de lingua e literatura galegas; que formou parte do xa mítico

do caso, situado na capital do Prata, traballou como empregado de comercio e tamén como "tenedor de libros". Sempre en Bos Aires, por volta de 1911 dá inicio á súa andaina literaria, colaborando na revista *Suevia* –o primeiro texto da súa autoría do que temos noticia é o soneto "A casa do poeta Pondal", aparecido no número 7, o 24 de maio de 1913.

Activista no asociacionismo galego, Zapata García participa de proxectos como Céltiga, a Institución Cultural Gallega, a ABC de Corcubión e, desde logo, na Asociación Na-

zionalista Pondal, de signo independentista. Comprometido coa causa republicana, Zapata morreu na Arxentina o 20 de xuño de 1953. Un ano máis tarde vería a luz pública o poemario *A roseira da saudade*, clasificado por X.L. Méndez Ferrín dentro do grupo de "poetas da Xeración Nós".

Nin que dicir ten, de to-

do o anterior dá cumprida noticia Miro Villar no seu estudo: un traballo que nos devolve, entón, a imaxe dun poeta que aínda está por recoñecer e considerar na verdadeira dimensión que lle corresponde.

Máis alén de todo o sinalado, o presente volume inclúe tamén o epistolario de Zapata con xentes como Filgueira Valverde ou Roel Longueira. Así mesmo presenta debuxos da súa man e textos fundamentais sobre o poeta da man de Blanco Amor, Otero Pedrayo, R. Carballo Calero ou C. Rodríguez Fer.

Sen dúbida, un volume importante no proceso de recompoñer a historia certa das letras galegas contemporáneas.

VILLAR, Miro, *Antón Zapata García, Ed. Laiovento, Santiago, 2009. P.V.P. 18,27€*



co Batallón Literario da Costa da Morte e que é autor de obras como *Ausencias periféricas* (1992), *Abecedario da desolación* (1997), *Equinoccio de primavera* (1998) ou *Gameleiros* (2002) –por citarmos títulos no eido da poesía; en fin, resulta ser o responsable tamén de edicións críticas xa sobre López Abente (1995), Robero Blanco Torres –*Orballo da media noite* (1998)- ou *A señaridade no puño de Alexandre Criebeiro* (2004).

Nacido nas terras de Laxe en 1886, cando apenas contaba con dezasete anos, Antón Zapata García marchou á Arxentina sen que, segundo informa Miro Villar, estean nitidamente determinadas as causas desta decisión: xa por desavizas familiares xa por procurar eludir a chamada a quintas. En to-